HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2)*.

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A Música na primeira metade do século XX* (4 puntos)

a) A busca de novas linguaxes (impresionismo, neoclasicismo, dodecafonismo…)
b) Igor Stravinsky

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Atonalismo.
2. O jazz.
3. Saxofón.
4. A música electrónica.

Opción B

TEMA: *A música instrumental no Clasicismo* (4 puntos)

a) A Sinfonía Clásica e os principais autores
b) Formas e estruturas: *rondó, forma sonata, tema con variacións*, e outras.

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Clarinete.
2. *Da Capo* (D.C.)
3. Concerto.
4. *Andante*.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e datación aproximada.
b) Contextualizar o autor.
c) Elementos que interveñen.
d) Xénero ó que pertence.

Opción 2

a) Identificar a obra e a súa datación aproximada.
b) Analizar autor e contexto no que se encadra.
c) Tipo de orquestra que intervén
d) Xénero ó que pertence.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2)*.

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O Renacemento en España*. (4 puntos)

a) Polifonía relixiosa.
b) Polifonía profana

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. *Vihuela*
2. O *vilancico*.
3. O motete.
4. Capelas de música

Opción B

TEMA: *O Clasicismo na música instrumental*. (4 puntos)

a) Modelos de formacións orquestrais e de cámara
b) A sinfonía Clásica: principais autores

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Tonalidade.
2. Clave de Fa e clave de Sol.
3. *Minuetto*.
4. Escala cromática.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e a súa datación aproximada.
b) Analizar autor e contexto no que se encadra.
c) O *lied* /a cántiga romántica
d) O piano nos salóns do XIX.

Opción 2

a) Identificar a obra e datación aproximada.
b) Indicar o autor e o seu contexto.
c) Materiais que interveñen.
d) Xénero ó que pertence.

CONVOCATORIA DE XUÑO

1. Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

2. En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducirse da audición.
Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias o incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

Mais concretamente, na primeira opción (VI RICORDA), valorarase tanto a análise do fragmento escoitado (*ritornello*, dueto e coro do inicio do segundo acto) como as referencias ó conxunto da audición proposta.

CUALIFICACIÓNS

1.- Haberá dous bloques, teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6/ 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico (6 puntos)
Tema 4 puntos
Definicións 2 puntos

Práctico (4 puntos)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

1. Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumno para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando canto máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

2. En canto a proba específica de audición, valorarase que o alumno poda encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poda obterse/ deducirse da audición.
Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias o incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS

1.- Haberá dous bloques, teórico/ práctico, que globalmente terán a puntuación de 6/ 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico (6 puntos)
Tema 4 puntos
Definicións 2 puntos

Práctico (4 puntos)